

Polideportivo

TOKYO 2020

SARA ÁLVAREZ
DESTINO TOKIO 2020

A judoca lucense inicia este martes unha viaxe da que agarda volver co billete para os Xogos Olímpicos. A primeira escala será en Abu Dabi, de aí, directa a Australia para rematar en Xapón coa misión de recortar os 400 puntos que a separan dos postos para clasificarse para o maior evento deportivo que se pode disputar

ATLETISMO

XI Carreira Popular no Corgo

O Memorial Quique Casanova disputarase hoxe. A proba estará formada por varios circuitos de diferentes distancias que deberán completar os corredores

GOLF

Torneo ...E para comer Lugo

As instalacións do club de Gol de Lugo acollen durante a xornada do día de hoxe. Numerosos establecementos lucenses aportarán premios ao evento

Partidos destacados

HOXE 18:00h. FÚTBOL
SEGUNDA DIVISIÓN, CD LUGO - HUECA

HOXE 20:00h. BALONCESTO
LEB OURO, CB BREGÁN - ALICANTE

HOXE 20:00h. FÚTBOL SALA
SEGUNDA DIVISIÓN B, RIBEIRA FS - XOVE

MAÑÁ 17:00h. FÚTBOL
PREFERENTE, VIVEIRO CF - RESIDENCIA

CICLISMO

La Voz organiza o Día da bicicleta

26 anos pedaleando por Lugo. Mañá La Voz de Galicia e RadioVoz organizan unha nova edición que sairá de la Praza Maior as 12:00 horas con concentración dende as 11:45 h.

M. LOSADA

M U L T I M A R C A

Guitiriz

www.automovilesmlosada.com





O lucense Pablo Guerra gañou o Volante Deputación

O mozo lucense participará na vindeira edición do Rally San Froilán os días 25, 26 e 27 deste mes aos mandos dun Suzuki Swift Sport na estrutura de competición PTC

Pablo Guerra Testa foi o vencedor do Volante Deputación 2019 que se disputou ao longo da pasada fin de semana no circuito da Pastoriza, nunha proba marcada polo bo tempo o sábado e a auga que acompañou durante o domingo. O deputado Efrén Castro participou na entrega de premios da proba, que premia ao vencedor cunha invitación para competir no próximo Rally San Froilán, que transcorrerá por 379 quilómetros de estradas lucenses os días 25, 26 e 27 deste mes de outubro.

O mozo lucense participará na vindeira edición do Rally San Froilán na estrutura do equipo de competición PTC aos mandos dun Suzuki Swift Sport, o premio en xogo nesta proba que pretende achegar aos afeccionados e afeccionadas ao motor á competición automobilística, contando co apoio da Área de Deportes da Deputación de Lugo e mais do Concello da Pastoriza.

O piloto, que participaba por segunda vez no programa, recibirá formación específica para competir no rally lucense.

Entrega de premios

O deputado de Deportes, Efrén Castro, e a tenente de alcalde da Pastoriza, Elva Carreira, asistiron á final das probas cronometradas e fixeron entrega dos galardóns tanto ao gañador como ao resto dos finalistas, Roberto Rodríguez Echeverry, segundo; Adrián Torreiro Ocampo, terceiro; Jesús Neira Lira, cuarto, e Alberto López Fernández, quinto.

Rally San Froilán

A Escudería Miño - Lugo organiza o 41º Rally San Froilán que se desenrolará os días 25, 26 e 27 de outubro do ano 2019. A competición disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns aos Campionatos e Copas de Galicia 2019, as prescricións comúns para Rallyes, o regulamento xeral e o presente regulamento particular da proba. No C.D.I. e os seus anexos, as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns aos Campionatos do Mundo, de Europa e de España de Rallyes e os Regulamentos Xerais dos mesmos aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.



RUGBY

Hoxe. As Pedreiras
sub 14 e Sénior

O equipo Sub 14 do Muralla Rugby será o primeiro en competir esta fin de semana, O farán a partir das 16:30 horas nas Pedreiras ante Lalín. Este encontro será a antesala do que dispute o sénior masculino, que recibe tamén ao Lalín na Liga Galega, a partir de las 18:00 horas. O sénior feminino viaxa A Elvina para medirse co CRAT B mañá a partir das 12:00 horas.

GOLF

Hoxe. Lugo
TORNEO "...E PARA COMER LUGO"

As instalacións do club de Golf de Lugo acollen este torneo durante a xornada do día de hoxe. Numerosos establecementos licenciosos aportarán premios ao evento como comidas, cenas e descontos en distintos produtos gastronómicos a participantes e primeiros clasificados.

ATLETISMO

Mañá, Parada de Sil
CARREIRA CANÓN DO SIL

Nova edición desta carreira de montaña que se celebrará mañá no municipio de Parada de Sil.

A XIII Carreira Canón do Sil (Copa Galega) comezará ás 09.00 horas, terá un percorrido de 33 quilómetros e levarase a cabo polos belos paraxes do Canón do Sil.

Paralelamente tamén se disputará a IX Media Carreira (Copa Galega Júnior Open), con inicio tamén ás 09.00 horas, de 17 quilómetros de circuíto, e a III Mini Carreira e Cadete Canón do Sil (Copa Galega Cadete Open), con saída ás 10.30 horas e percorrido de 7 quilómetros.

Mañá, Foz e Ferreira
RUTA SERRA DO XISTRAL E A FERVENZA

A asociación Os Sendeiros de Foz organiza unha ruta pola zona da Serra do Xistral que rematará na Fervenza de Escouridal. Na actividade participarán membros da asociación de Rebolín de Salas. A saída será ás 8:30 horas de Foz e ás 8:50 horas desde Ferreira.



Hoxe, O Corgo
XI CARREIRA POPULAR CONCELLO DO CORGO

Carreira que se disputará hoxe no municipio do Corgo. A proba estará formada por varios circuíto de diferentes distancias que deberán completar os corredores en función das súas idades.

A primeira proba terán lugar ás 17.30 horas, correspondente á modalidade pitufos, e a última ás 18.00 horas coa saída dos corredores da categoría adulto, os cales deberán completar un percorrido de 10,5 quilómetros.

A saída e meta estarán situadas na Praia fluvial do río Chamoso.

TENIS MESA

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
3ª Nacional	Rábade	Arteal	Lugo	Hoxe 16:00h.
3ª Nacional	TM Ribadeo A	Dez Portas	Ribadeo	Hoxe 16:30h.
1ª Div. Masc.	Breogán Oleiros	CTM Milagrosa	Oleiros	Hoxe 17:00h
1ª Div. Masc.	TDM Vilalba	La Pelu de Sixto	Vilalba	Hoxe 17:00h
1ª Div. Masc.	Dez Portas	San Ciprián	Lugo	Mañá 11:00h
2ª Div. Masc.	Finisterre	TM Ribadeo	Finisterre	Hoxe 18:00h
2ª Div. Masc.	Dez Portas	Cambre	Lugo	Mañá 11:00h

FÚTBOL SALA

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F.	X. Alacant	Burela FS	Alicante	Hoxe 16:00h
2ª Div. F.	FSF Castro	Txantrea	Castro	Hoxe 19:00h
2ª Div. B. M.	Prone Lugo	FS Boal	Municipal	Mañá 12:00h
2ª Div. B. M.	Ribeira FS	Xove FS	Lugo	Hoxe 20:00h
3ª Nacional	Lugo Sala	Vigo 2015	Municipal	Mañá 17:00h
3ª Nacional	Vilalba FS	Carballiño	Vilalba	Mañá 18:30h
3ª Nacional	Barreiros CD	A Estrada	Barreiros	Hoxe 18:30h
3ª Nacional	Outeiro	Beade	Outeiro	Hoxe 19:30h
Preferente M.	Troula	Castroverde	Betanzos	Hoxe 16:30h
Preferente M.	Quiroga	Meigallos	Quiroga	Hoxe 18:00h
Preferente M.	Alto do Vento	Rábade FS	Ames	Hoxe 17:00h
Preferente M.	CP Casás	Cee	Municipal	Mañá 19:00h
Preferente M.	Guitiriz	Ordes	Guitiriz	Mañá 12:00h
Preferente M.	Begonte	5 Coruña	Begonte	Hoxe 20:00h
Preferente F.	Gaiola	Vilalba FS	Santiago	Hoxe 17:00h
Preferente F.	Monterroso	As Burgas B	Monterroso	Hoxe 19:00h
Aut. Xuv. M.	Marín	Meigallos	Marín	Mañá 16:00h
Aut. Xuv. M.	Poio	Vilalba	Poio	Hoxe 16:00h
Aut. Xuv. M.	Ribeira	Sala Ourense	Lugo	Mañá 18:30h
Aut. Xuv. M.	Begonte	Beade	Begonte	Hoxe 17:00h
Aut. Cad. M.	CP Casás	Guitiriz	Palomar	Hoxe 18:00h
Aut. Cad. M.	Lugo Sala	Narón	Frigsa	Hoxe 19:30h
Aut. Cad. M.	5 Coruña	Burela	A Coruña	Mañá 19:00h
Aut. Cad. M.	Santiago	Ribeira	Santiago	Hoxe 20:00h
Aut. Cad. M.	Os Meigallos	Parrulo	N. Chanto	Mañá 18:00h
Aut. Cad. F.	A Fervenza	FSF Castro	Ferrol	Hoxe 18:45h
Aut. Inf. M.	Lumieira	Guitiriz	Frigsa	25/10 20:15h
Aut. Inf. M.	Lugo Sala	Stellae	Frigsa	Hoxe 18:00h
Aut. Inf. M.	5 Coruña	Burela	A Coruña	Mañá 17:30h
Aut. Inf. M.	Santiago	Ribeira	Santiago	Hoxe 18:30h
Aut. Inf. M.	Os Meigallos	Parrulo	N. Chanto	Mañá 16:00h

ESGRIMA



Mañá. Lugo
IX TROFEO SAN FROILÁN

O Trofeo San Froilán de esgrima, sétimo ránking galego de espada, celebrárase mañá no Pabellón Daniel Cordido da Piringalla, en Lugo. Nel competirán as categorías absoluta, sub 17 e a modalidade de espada.

A competición de espada absoluta comezará a partir das 9:15 horas, espada feminina sub 17 a partir das 11:15 horas, espada absoluta feminina a partir das 14:00 horas e espada masculina sub 17 ás 14:30 horas.

DARDOS

COMPETICIÓNS DARDOS

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE
Parejas G A	Carlos & Samuel	Camilo & Roxo
Parejas G A	Jacobo & Joni	Clavadores
Parejas G A	Tevo & Ferry	Chacaritas
Parejas G A	Julian & Raul	Danis & Brais
Parejas G A	Javi & Trusgo	Piplus & Dani
Parejas G B	Manu & J. Polo	Ruben&David&Rios
Parejas G B	Alex & Jose	Ortegal
Parejas G B	Richi & Karlos&Adry	Bar Mario
Parejas G B	Manu & Dani	Paradela & Capy
Parejas G B	Ramon & Eloy	Juan & Nelson
Parejas G C	Alonso & Toiran	Xesus & Rodri
Parejas G C	Suso & Lopez	Luis & Ibai
Parejas G C	Alex & Diego	Mary & Gonza
Parejas G C	Anxo & Leire	Bar Cristal
Parejas G C	Lore & Sam & Samp	Pablo & Alba&Alvar
Liga Intern 1	Game Of Darts	Bar Pacheco
Liga Intern 3	Politecnica Darts 1	La Factoria
Liga Intern 4	Bar O Chao	Meson K2 Darts
Liga Intern 4	Meson K2 Darts	Bar O Chao
Liga Intern 5	Tiempos Chacaritas	Miudiños
Liga Intern 6	Os Cocodrilos	Darts Pipers
Liga Intern 7	K2 Paris Brothers	Recunchos
Liga Intern 9	A Bicheria	Players
Liga Intern 9	Pub Tibor	Seculo Xxi
Liga Intern 10	Ruxedarts Team	Plaboyos
Liga Intern 11	Seculo Xxi	Pub Tibor
Liga Intern 12	Politecnica Darts B	Co Dedo Non
Liga Inter 13	Bar Perfil	Banda De Animales
Liga Inter 14	Tiempo Porco Celta	Chocolate
Liga Inter 15	Os Da Oficina	Astillas
Liga Inter 16	Cristal Darts	Cahd And Soot
Liga Inter 17	Tiempos Non Podemos	Non E Por Meter
Liga Inter 18	Idem Carabelo	Volando Boys
Liga Inter 19	Paradela Darts	Salgueira
Liga Inter 20	Sin Tempo	Rianxo 2
Liga Inter 21	Politecnica Dars 3	Tiempos Modernos J
Liga Inter 22	Angeles Del Inferno	Uns Calquera
Liga Inter 23	O Gaucho Da Casa	Os Paragueiros
Liga Inter 24	O Braseiro	Dallekin
Liga Inter 25	Breogan 1	O Barxio
Liga Inter 26	1 De Mayo	Bar Troita

BALONCESTO

COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga LEB Oro	Breogán	Alicante	Pazo	Hoxe 20:00h
Liga Día	CD Ibaeta	Ensino	S. Sebastián	Hoxe 20:00h
Liga EBA	Valladolid	Estudiantes	Valladolid	Hoxe 18:15h
Liga EBA	Gijón Basket	CB Chantada	Gijón	Hoxe 17:00h
1ª División M.	CB Cambre	CB Viveiro	Cambre	Hoxe 18:00h
1ª División M.	Eume	CB Celtas	Ponteume	Mañá 19:00h
1ª Júnior M.	Bosco	Estudiantes	Ourense	Mañá 12:00h
1ª Júnior M.	Ensino	Blanco Amor	Anexo	Mañá 17:00h
1ª Júnior F.	Carmelitas	Ensino	Ourense	Mañá 17:00h
1ª Júnior F.	Rosalía	Estudiantes	Santiago	Mañá 12:00h
1ª Cadete M.	CB Ribadeo	B. Coruña	Ribadeo	Mañá 12:00h
1ª Cadete M.	Estudiantes	C. Ártabra	Anexo	Hoxe 16:00h
1ª Cadete M.	Ensino	B. Ferrol	Pazo	Hoxe 20:00h
1ª Cadete M.	Culleredo	San Ciprián	Culleredo	Mañá 11:00h
1ª Cadete F.	Ensino	Maristas	Anexo	Hoxe 16:00h
1ª Cadete F.	Estudiantes	C. Ártabra	Anexo	Hoxe 18:00h
1ª Infantil M.	Estudiantes	Maristas	Anexo	Mañá 12:00h
1ª Infantil F.	Estudiantes	Arxil	Anexo	Mañá 12:00h
1ª Preinf. M.	Maristas C.	Estudiantes	A Coruña	Mañá 12:00h
1ª Preinf. M.	Culleredo	Celtas Foz	Culleredo	Mañá 13:00h
1ª Preinf. F.	Baxi Ferrol	Estudiantes	Ferrol	Mañá 12:00h
1ª Mini M.	CB Ribadeo	Estudiantes	Ribadeo	Hoxe 10:00h
1ª Mini M.	B. Ferrol	Maristas	Ferrol	Hoxe 10:00h
1ª Mini F.	Pontumio	Estudiantes	Ponteume	Hoxe 12:00h



BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE
Eq. Liga G. A	Open Pool Como Sempre	Tiempos Modernos
Eq. Liga G. A	Open Pool Chamalle X	Pub Omega
Eq. Liga G. A	T. M. Revestimientos Raposo	Tiempos Tania & Bandidos G.c
Eq. Liga G. A	Bar Luna	Open Pool Dovalitos
Eq. Liga G. B	Open Pool Bad Bugs	Open Pool Pigeons.es
Eq. Liga G. B	Tiempos Modernos Doel	Tiempos Os Afiliados
Eq. Liga G. B	Open Pool D' Vuelta	Open Pool
Eq. Liga G. B	Pulperia Monica	Bar Charlie
Eq. Liga G. C	Open Pool Pingos	Tiempos Os Novos
Eq. Liga G. C	TM Mouchos	Tiempos Bolita Nocturna
Eq. Liga G. C	Open Pool Cantimploras	Rest. O Braseiro
Eq. Liga G. C	Tiempos Mod.nanadeco	Open Pool Flama
Indv 1ª-2ª	Oscar Lopez	Carlos Palmeiro
Indv 1ª-2ª	Joaquin De Santiago	Alejandro Doval
Indv 1ª-2ª	Jose M. Diaz	Carlos Fraga
Indv 1ª-2ª	Borja Lopez	Pablo R. Mondelo
Indv 1ª-2ª	Jose A. Cazon	Jorge Blanco
Indv 3ª-4ª	Justo Perez	Juan P. Rabade
Indv 3ª-4ª	Samuel Yanes	Amalia Buide
Indv 3ª-4ª	Laura Sarai	Dragomir Ionel
Indv 3ª-4ª	Alfredo Mosteirín	Mar Exposito
Indv 3ª-4ª	Enrique Freire	Adrian Fuentes
Indv 3ª-4ª	Luis Rguez	Jaime Fontal
Indv 3ª-4ª	Jose M Basanta	Andres Glez
Indv 3ª-4ª	Carlos Vazquez	Jose A. Sampayo
Indv 3ª-4ª	Hector Forneas	Angel Doural
Ind. Senior O. P.	Jose Capon	Justo Rguez
Ind. Senior O. P.	Jaime Fontal	Ruben Fdez
Ind. Senior O. P.	Enrique Freire	Carlos Clares
Ind. Senior O. P.	Rodrigo Garcia	Manuel Rey
Ind. Senior O. P.	Fernando Rios	Diego Ferreiros
Ind. Senior O. P.	Carlos Hermida	Victor Castro
I. Senior Omega	Montse Novo	Jorge Tella
I. Senior Omega	Alberto Ramallal	Jose Anido
I. Senior Omega	Jose R. Gallego	Celso Anido
I. Senior Omega	Gonzalo Garcia	Rafael Vidal
I. Senior Omega	Jose M. Murias	Alfonso Lomardía
Ind. Senior T.m.	Patrick Rio	Jaime Fdez
Ind. Senior T.m.	Amable Ramos	Amalia Buide
Ind. Senior T.m.	Manuel Perez	Jose A. Sampayo
Ind. Senior T.m.	Samuel Yanes	Jose Manuel Diaz
Ind. Senior T.m.	Alfredo Mosteirín	Alberto Rguez
Ind. Senior T.m.	Dragomir Lionel	Diego Rguez
Ind. Senior T.m.	Susana Lopez	Jose Cazon



KARATE



Hoxe. Foz CURSO KARATE
 Hoxe vaixe celebrar en Foz un curso de karate deportivo na modalidade de KUMITE (combate) que será impartido polo Mestre Rubén Villaverde Canal, campión de España e de Europa.

Está organizado polo club local de karate Shitokai de Foz coa colaboración da Concellería de Deportes e contará coa asistencia de máis de 40 karatekas mariñaos e asturianos. O curso estará aberto a todo aquel karateka que estea interesado en mellorar na faceta de kumite.

O Torneo dará comezo pola mañá e a entrega de premios está prevista para última hora da tarde.



FÚTBOL

Hoxe, Anxo Carro, Lugo SEGUNDA DIVISIÓN

O CD Lugo recibe ao Huesca, un ex primeira ante o que os lucenses tratarán de enderezar o rumbo na casa e facer bo o punto conseguido a última xornada ante o Almería.

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª División	CD Lugo	SD Huesca	Anxo Carro	Hoxe 18:00h
3ª División	Begantiños	Polvorín FC	As Eiroas	Mañá 18:00h
3ª División	Ourense FC	RC Villalbés	O Couto	Mañá 17:00h
1ª Fem. Galega	Betanzos	PM Friol B	García H.	Mañá 17:00h
1ª Fem. Galega	Sárdoma	Antas SD	Relfas	Mañá 16:30h
2ª Fem. Galega	Victoria C	CD Lugo	Leyma	Mañá 12:15h
2ª Fem. Galega	Olimpico	SG Comercial	Vilaboa	Mañá 12:00h
2ª Fem. Galega	SD Chantada	Sporting Burgo	Sangoñedo	Mañá 19:00h
Preferente	Laracha CF	Lemos	Laracha	Mañá 18:00h
Preferente	Ribadeo	Xallas FC	Pepe Barrera	Hoxe 17:30h
Preferente	Sigueiro	SD Sarriana	Lino Balado	Mañá 17:00h
Preferente	SD Fisterra	CD Foz	Arasolis	Mañá 17:00h
Preferente	Viveiro	Residencia	Cantarrana	Mañá 12:00h
1ª Autonómica	Chantada	Castro	Sangoñedo	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Monterroso A	Friol A	Cerdeiriños	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Pol	Taboada	Manuel Luna	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	San Roque	Riotorto	O Polvorín	Mañá 18:10h
1ª Autonómica	Guntín	Lourenzá	Ladairo	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Pastorcense	Santaballés	O Acebreiro	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Folgueiro	Xove Lago	Boa Vista	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	Outeiro	Burela SD	Municipal	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	Escairón	Chantada	O Saviñao	Mañá 17:00h
2ª Auto. Norte	Roupar	Iberia	O Novo	Hoxe 17:30h
2ª Auto. Norte	Alfoz	Xermade	Alfoz	Hoxe 16:30h
2ª Auto. Norte	Guitiriz	Goiriz	Suso Cruz	Mañá 16:30h
2ª Auto. Norte	Cabreiros	Cospoite	Da Cea	Mañá 17:00h
2ª Auto. Norte	Barreiros	Meira	O Cascabeiro	Hoxe 16:30h
2ª Auto. Norte	Mimenta	Pontenova	Do Pichón	Mañá 16:30h
2ª Auto. Norte	Candelaria	San Ciprián	A Granda	Hoxe 17:00h
2ª Auto. Norte	Mondoñedo	Abadín	Viñas De Veiga	Hoxe 17:30h
2ª Auto. Sur	Bóveda	O Incio	Bóveda	Mañá 16:30h
2ª Auto. Sur	Brollón	Palas	Os Medos	Mañá 16:30h
2ª Auto. Sur	Ferreira	O Páramo	O Balifo	Mañá 16:30h
2ª Auto. Sur	Paradela	Becerreá	O Gandarón	Mañá 16:30h
2ª Auto. Sur	Oural	Rio Sil	Luis Pallín	Hoxe 16:30h
2ª Auto. Sur	Portomarín	Chantada B	Chao Da Poza	Hoxe 16:30h
2ª Auto. Sur	Quiroga	Santa Comba	Municipal	Mañá 17:00h
2ª Auto. Sur	CD Corgo	San Lázaro	O Corgo	Hoxe 16:30h
3ª Auto. Norte	Fonsagrada	Viveiro	G. Besteiro	Hoxe 19:30h
3ª Auto. Norte	Comercial	Friol B	R. Lago	Hoxe 18:00h
3ª Auto. Norte	Rioaveso	Lugo Unión	Paraños	Mañá 17:30h
3ª Auto. Norte	Nuevo Nausti	Matela	Anexo	Mañá 16:30h
3ª Auto. Norte	Cazás	Catro Roldas	Catro Ventos	Hoxe 17:00h
3ª Auto. Sur	Relámpago	Rubián	A Medela	Mañá 16:00h
3ª Auto. Sur	Milagrosa	Carballedo	Luis Gorgoso	Mañá 17:00h
3ª Auto. Sur	Lemos B	Monterroso B	Luis Bodegas	Hoxe 16:00h
3ª Auto. Sur	Antas	Castroverde	Castro Seoane	Mañá 16:30h
3ª Auto. Sur	Sober	SP Lucense	Centeas	Hoxe 16:15h

FÚTBOL VETERANOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Local	Peñarol	Outeiro de Rei	R. Lago	Hoxe 20:00h
DH Local	R. Frain	Residencia	R. Lago	Mañá 17:00h
DH Local	Ferrovial	San Roque	L. Gorgoso	Hoxe 20:00h
DH Local	Comercial	PV Montajes	Os Milagros	Mañá 11:00h
DH Local	As Gándaras	Albeiros	R. Lago	Mañá 17:00h
DH Local	Bretaña	Milagrosa	A Cheda	Hoxe 19:30h
DH Local	Corgo	O Picato	Lajosa	Hoxe 18:00h
DH Local	AD Agor	Garabolos	A Cheda	Hoxe 17:30h
DH Provincial	Parga	Sarría	Parga	Hoxe 17:30h
DH Provincial	A Canteira	Becerreá	A Canteira	Mañá 12:00h
DH Provincial	Castro	Pastorcense	Arturo Pereiro	Mañá 11:30h
DH Provincial	Gaioso	Monterroso	O Penedo	Hoxe 16:30h
DH Provincial	Trasnos	Pol	A Ribela	Mañá 12:00h
DH Provincial	Sarriana	At. Illán	A Ribela	Hoxe 18:00h
DH Provincial	Taboada	Friol	A Medela	Hoxe 18:30h
1ª Provincial	Palas	Sarría	Os Chacotes	Hoxe 17:30h
1ª Provincial	Montouto	Rábade	A Magdalena	Hoxe 19:30h
1ª Provincial	Begonte	Códesido	C. de Pacios	Hoxe 16:30h
1ª Provincial	Santaballés	Cospoite	A Liga	Mañá 11:00h
1ª Provincial	Momán	Saavedra	Da Veiga	Mañá 11:30h
1ª Provincial	Terra Chá	Sancobade	A Fonte	Mañá 10:30h
1ª Provincial	Rabadense	Albense	Catro Ventos	Mañá 11:30h



FÚTBOL BASE

Hoxe, A Cheda DIVISIÓN DE HORNA XUVENIL

O Club Deportivo Lugo da División de Honra xuvenil volve xogar na Cheda. Os de Juan Subirán empataron na última xornada ante o Marina Sport, polo que reciben ao Santander con gañas de vitoria.

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Xuvenil	CD Lugo	R Santander	A Cheda	Mañá 12:15h
N. Xuvenil	EF Lalin	RC Villalbés	Lalin	Hoxe 16:30h
N. Xuvenil	R. de Bouzas	CD Lugo B	Baltasar Pujales	Hoxe 20:15h
Galega Xuvenil	Viveiro	RC Ferrol B	Marcos Gómez	Hoxe 18:00h
Galega Xuvenil	RC Villalbés B	G. de Caranza	Roca	Mañá 12:00h
Galega Xuvenil	Calasanz B	Residencia A	Grela	Hoxe 18:00h
Honra Cadete	Corouxo	CD Lugo	Fragoselo	Hoxe 18:00h
Galega Cadete	CD Lugo B	Bergantiños B	R. Lago	Mañá 12:00h
Galega Cadete	RC Villalbés	G. de Caranza	Roca	Mañá 10:15h
Galega Cadete	Viveiro CF	Imperator	M. Gómez	Hoxe 16:00h
Galega Cadete	Calasanz B	Milagrosa	Leyma	Hoxe 16:00h
Galega Infantil	CD Lugo	Bertamiráns	R. Lago	Hoxe 12:00h
Galega Infantil	Viveiro	Oroso	M. Gómez	Hoxe 12:00h

FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Infantil Norte	Burela SD	SP Pontenova	A Marosa	Hoxe 12:30h
Infantil Norte	Río Ouro	CD Foz	O Árbol	Hoxe 12:30h
Infantil Norte	RC Villalbés	EF Viveiro	A Magdalena	Hoxe 12:15h
Infantil Norte	Viveiro B	CD Castro	M. Gómez	Mañá 11:00h
Infantil Norte	Ribadeo	Guitiriz	Pepe Barrera	Hoxe 11:30h
Infantil Centro	Sagrado	Polvorín A	R. Lago	Hoxe 10:00h
Infantil Centro	Milagrosa	Residencia A	Luis Gorgoso	Hoxe 12:00h
Infantil Centro	Fonsagrada	Piringalla B	Municipal	Hoxe 12:00h
Infantil Centro	Ferrovial A	Villalbés A	Luis Gorgoso	Hoxe 10:00h
Infantil Centro	CD Lugo B	Casás A	R. Lago	Hoxe 10:00h
Infantil Sur	Polvorín B	Corgo	Polvorín	Hoxe 12:00h
Infantil Sur	Sarriana	Ferrovial B	A Ribela	Hoxe 11:30h
Infantil Sur	Piringalla	Antas	R. Lago	Hoxe 16:00h
Infantil Sur	Residencia B	Becerreá	A Cheda	Hoxe 12:15h
Cadete Norte	Foz	Viveiro	Municipal	Mañá 11:00h
Cadete Norte	Lourenzá	Villalbés	Santa Cruz	Hoxe 17:15h
Cadete Norte	Burela	Ribadeo	A Marosa	Mañá 12:30h
Cadete Norte	Casás	Sagrado	R. Lago	Mañá 10:00h
Cadete Centro	Residencia B	Piringalla A	A Cheda	Mañá 10:15h
Cadete Centro	CD Castro	Polvorín A	Municipal	Mañá 11:00h
Cadete Sur	Monterroso	Becerreá	Cerdeiriño	Hoxe 18:30h
Cadete Sur	Sarriana	Residencia A	A Ribela	Mañá 10:00h
Cadete Sur	Piringalla B	Polvorín B	R. Lago	Hoxe 20:00h
1ª Aut. Xuv.	CD Castro	Milagrosa	Municipal	Hoxe 16:30h
1ª Aut. Xuv.	Monterroso	San Roque	Cerdeiriño	Hoxe 16:00h
1ª Aut. Xuv.	Polvorín A	Ribadeo	O Polvorín	Hoxe 16:00h
1ª Aut. Xuv.	Xove Lago	Sarriana	Municipal	Hoxe 16:30h

FÚTBOL OITO BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Alevín Norte	Xove Lago	Viveiro A	Municipal	Hoxe 11:00h
Alevín Norte	S. de Foz	CD Castro	Foz	Hoxe 11:30h
Alevín Norte	Mondoñedo A	RC Villalbés	Viñas Da Veiga	Hoxe 16:00h
Alevín Sur	Pol. Lucense A	Sagrado A	Polvorín	Mañá 10:00h
Alevín Sur	Sarría A	Residencia A	A Ribela	Hoxe 10:00h
Alevín Sur	Polvorín A	Casás A	O Polvorín	Hoxe 10:30h
Alevín Sur	Milagrosa A	CD Lugo B	Luis Gorgoso	Mañá 10:00h
Benx. Norte	CD Lugo A	Porto Burela A	R. Lago	Hoxe 12:00h
Benx. Norte	Xove Lago	Viveiro A	Municipal	Hoxe 12:15h
Benx. Norte	S. de Foz	Ribadeo A	Foz	Hoxe 12:30h
Benx. Sur	Milagrosa A	CD Lugo B	Luis Gorgoso	Mañá 11:15h
Benx. Sur	Pol. Lucense A	Residencia	Polvorín	Mañá 11:15h
Benx. Sur	Polvorín A	Piringalla A	O Polvorín	Hoxe 10:30h
Prebex. Norte	Ribadeo A	RC Villalbés A	Gregorio Sanz	Hoxe 12:00h
Prebex. Norte	S. de Foz	Porto Burela A	Foz	Hoxe 10:30h
Prebex. Norte	Porto Burela B	RC Villalbés B	A Marosa	Hoxe 10:45h
Prebex. Sur A	Casás	Ferrovial A	R. Lago	Mañá 12:30h
Prebex. Sur A	Abuín	CD Corgo	A Cheda	Hoxe 10:00h
Prebex. Sur A	Sagrado	Piringalla C	R. Lago	Mañá 12:00h
Prebex. Sur B	Ferrovial B	Polvorín A	Luis Gorgoso	Mañá 11:15h
Prebex. Sur B	Piringalla A	CD Lugo A	L. Gorgoso	Hoxe 16:15h
Prebex. Sur B	Monterroso	Milagrosa B	Cerdeiriños	Hoxe 11:45h
Prebex. Sur C	Residencia	Polvorín B	A Cheda	Hoxe 16:30h
Prebex. Sur C	Piringalla B	Sarriana	O Polvorín	Mañá 12:30h

O Club de Remo de Ribadeo comeza unha nova tempada

Referente do remo galego, acumula unha trintena de medallas en competicións galegas nos últimos dous anos. Os campionatos de yolas están este curso entre os principais obxectivos

O Club de Remo de Ribadeo comeza unha nova temporada coa intención de seguir ampliando un palmarés que, só nos dous últimos anos, suma unha trintena de medallas en campionatos galegos e estatais.

A primeira cita no calendario para a entidade ribadense, a única da provincia que mantén á boia unha tradición moi arraigada na cornixa cantábrica, serán os campionatos de yolas -cunha embarcación para catro remeiros ou remeiras que compiten nunha distancia de 1.500 metros -.

A vindeira fin de semana celébrase en Ferrol o campionato galego no que aspiran a lograr medallas na categoría cadete e facer camiño para o campionato español, que se disputa a seguinte fin de semana en Aviles.

“Trátase dunha modalidade moi cara, as embarcacións roldan os 17.000 euros, polo que adestramos con medios prestados”, explica Miguel Balsa, presidente do club que, pese ás dificultades, confía tamén nas posibilidades de entrar no podio estatal. Aválanos os precedentes, xa que a entidade ten nas súas filas a unha das subcampioas da España da modalidade, Carolina Yáñez.

Aínda que na citada modalidade o prezo das embarcacións se multiplica, a carestía dos medios é un dos hándicaps ao que se enfrenta no día a día o club ribadense que, nuns últimos anos de extraordinario rendemento deportivo, logrou recuperar o esplendor dos anos oitenta e noventa, cando Ribadeo estaba representado polos seus remeiros en campionatos europeos, mundiais e mesmo olímpicos.



Aposta pola base

A clave da volta aos podios está no traballo coa base. Con Miguel Balsa e Mauricio Monteserín -que competiu coa selección española nos Xogos Olímpicos de Sidney - á fronte, en 2014, o club, que viña dunha década sen actividade, comezou a incorporar nenas e nenos ás súas filas.

“Coa posta en marcha da actividade pretendíase aumentar a oferta deportiva existente na localidade e no entorno máis próximo, e recuperar un deporte tradicional como o remo”, explican desde o club, único na modalidade de banco fixo na provincia.

“A práctica deportiva, e especialmente o remo, lonxe de outras disciplinas máis mediáticas, aportan ás xeracións

máis novas valores como o compañeirismo, a necesidade de superación e a entrega para a consecución dos obxectivos marcados”, sinalan.

A aposta non tardou en dar froitos, xa que 2015 foi un ano propicio para os remeiros e remeiras do club que lograron varias medallas en campionatos galegos e o primeiro metal da nova etapa nun campionato de España, un ouro en dobre scull alevín feminino logrado por Nerea Lago e María Díaz.

O palmarés do club, que conta con 30 remeiros e remeiras en diferentes categorías, non deixou de medrar ata a actualidade na que, desde a creación no 1984, suman preto de oitenta medallas.

As segundas divisións do baloncesto base provincial póñense en marcha

Esta fin de semana darán comezo as ligas para os equipos lucenses que competirán esta temporada na Segunda División, excepto a feminina júnior que xa arrincou a pasada semana.

Na categoría júnior masculina cinco equipos da Provincia xogarán unha liga a dobre volta na que os catro primeiros veranse as caras en eliminatorias tamén a dobre partido, o gañador xogará a fase de ascenso. En júnior feminino cinco equipos, xunto a Baxi Ferrol, xogan unha liga a dobre volta. Os tres primeiros deste grupo e do de Coruña encadraranse para disputar unha segunda fase con sistema olímpico na que os dous primeiros pasan á fase de ascenso.

En cadete masculino, sete equipos da provincia xogarán unha liga a dobre volta. Os tres primeiros, xunto a tres de Ferrol, loitarán por dúas prazas para a fase de ascenso nunha liga con sistema olímpico. A categoría cadete feminina contará con sete equipos lucenses e catro de Ferrol, todos xogarán unha liga a dobre volta na que os dous primeiros loitarán polo salto de categoría.

No que corresponde ás ligas infantís, o grupo masculino contará con dez equipos da provincia que competirán nunha liga, tamén a dobre volta. Os tres primeiros clasificados xogarán a segunda fase nun grupo de seis con conxuntos de Ferrol, e os dous que rematen no máis alto da táboa buscarán a final de temporada o ascenso.

Na liga feminina infantil de Segunda División os tres primeiros clasificados na primeira fase uníranse a outros tres equipos de Ferrol para disputar seis xornadas a sistema olímpico traladas que os dous primeiros pasarán a xogar a fase de ascenso.



Día da bicicleta

26 anos pedaleando
por LUGO

Domingo, 20 de outubro

Inscricións:

Ata o 19 de outubro en Decathlon Lugo

Concentración

11.45 na Praza Maior

Saída

12:00 horas



Lugar de saída: Praza Maior

PERCORRIDO

Dirección Círculo das Artes, Ronda Muralla, Rúa Vilalba, Rodríguez Mourelo (ida), Dtor Portela (ida), Dtor Portela (volta), Rodríguez Mourelo (volta), Ramón Ferreiro (ida), volta á altura de Pintor Corredoira, Ramón Ferreiro (volta), Ángel López Pérez, Ronda Muralla (1ª volta completa), Rúa Vilalba (2º paso), Ángel López Pérez (2º paso), Ronda Muralla (2º paso ata Rúa Montevideo), desvío en dirección ó casco histórico cara á Rúa Montevideo, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Rúa Raíña, **Fin en Praza Maior**. Distancia total: 6,5 KM.

Colaboran:

Organizan:



La Voz de Galicia

SARA ÁLVAREZ

A JUDOCA LUCENSE MIRA CON ILUSIÓN AOS XOGOS OLÍMPICOS DE TOKIO 2020

tras volver a competición pola porta grande e conseguir o mellor estado de forma da súa carreira

Sara Álvarez foi unha das maiores promesas do deporte nacional. A judoca lucense acaparou un gran protagonismo a base de éxitos sendo moi nova no mundo do judo, e aos poucos converteuse nunha realidade mundial. No 2014 estaba a piques de explotar o seu potencial coas mellores judocas internacionais, xa que ata entón competía con elas sendo júnior e sub 23, pero unha fatídica lesión desvíouille durante catro anos da súa meteórica progresión.

Nunca se desligou da súa paixón, o judo, pero durante anos tomou outros camiños á marxe do deporte profesional e competitivo. Adestrou a mozos lucense no Gimnasio Judo Lugo e continuou ligada ao deporte, pero desde outro prisma.

En 2018, tras catro anos de paréntesis, empezou a adestrar de novo coa única meta de disputar o Campionato de España e a Liga Nacional, pero en Sara volveu espertar o seu xene gañador e competitivo. Tan só un ano logo de volver a enfundarse o kimono de competición, está ás portas de nada menos que clasificarse para disputar uns Xogos Olímpicos, os do próximo verán en Tokio 2020.

Desde que Sara Álvarez volveu ao deporte profesional non cesa no seu empeño de obter un billete para os Xogos. Recentemente deu outro paso adiante co quinto posto logrado no Gran Prix de Taskent, en Uzbekistán, competición que se disputou a finais do mes de setembro. A representante do Judo Lugo debutou no torneo vencendo pola vía rápida a unha aspirante kazaja e no seu segundo combate impúxose á croata Ivana Sutalo, número 30 no ránking mundial. Xa en cuartos de final, e logo dunha intensa e igualada loita sobre o tatami, a serbia Sabic levabaa á repesca, onde bateu a unha representante rusa e cedeu na técnica de ouro ante a británica Adlinton, decimoquinta do mundo. A quinta praza final empuxa a Sara Álvarez ata o posto 36 do ránking mundial e a un paso de entrar dentro das clasificadas para Tokio 2020, xa que tan só 400 puntos a separan do corte.

Próximas citas

Sara Álvarez fará as maletas o vindeiro luns para partir o martes nunha travesía por medio mundo da que espera regresar con medio pasaporte selado para os Xogos Olímpicos de Tokio. A primeira escala será en Abu Dhabi para competir no Gran Slam, de aí á seguinte competición internacional, en Australia, antes de desembarcar en Xapón para competir a partir do día 20 de novembro.

O listón está alto, pero Sara está afeita xa a superar a rivais e a si mesma. Consciente de que quedar en cada proba entre as cinco primeiras clasificadas meteríaa entre as elixidas para a olimpiada, o soño de Tokio para a lucense está no horizonte pero é cada vez máis real. O seu maior aval é ela mesma e como recoñece, "Estou no meu mellor estado de forma, ata mellor que antes da lesión".



PATROCINIOS



EN BUSCA DE PATROCINADORES PARA PODER FACER REALIDADE O SOÑO DE COMPETIR NOS XOGOS OLÍMPICOS

Un dos maiores obstáculos que separan a Sara Álvarez dos Xogos Olímpicos é un factor externo ao competitivo. Ata por diante das mellores judocas a nivel mundial o peor rival co que debe lidiar Sara e todo o seu equipo é co económico. O seu principal apoio é a empresa farmacéutica Farmadismo, grazas á cal poderá estar nos próxi-

mos torneos de Abu Dhabi e Australia, mentres que o pasado venres recibiu a grata noticia de que a Federación Española axudarlle para estar presente en Xapón. Cafés Candeas, Idavcare Fibega e Marzo Saúde tamén fan posible que se mantenga vivo o soño de Tokio, pero para ser unha realidade Sara necesita e gañouse a pulso máis apoios e axudas.

